



Fig. 2: Larvas en diferentes periodos de crecemento.




Fig. 4: Ciclo biolóxico da polilla guatemalteca
Fonte: Curso internacional de Manejo Integrado de Plagas de la Papa. Lima. CIP, 1994



Fig. 3: Polilla



Fig. 5: Trampa con feromona sexual para captura masiva nos bordes do cultivo.



Fig. 6: Trampa con feromona sexual de detección de praga para control no almacén.

OFICINA XUNTA DE GALICIA	ENDEREZO	TELÉFONO/FAX
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE PONTEVEDRA	Rúa Fernández Ladreda 36003 Pontevedra	Tel: 986805446 / 986806554 Fax: 986805406
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DA CORUÑA	Rúa Vicente Ferrer nº 2 15008 A Coruña	Tel: 981182579 / 981184548 Fax: 981184474
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE LUGO	Ronda Muralla 70 27071 Lugo	Tel: 982294459 / 982889247 Fax: 982294808
SERVIZO DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DE OURENSE	Rúa Florentino L. Cuevillas baixo 32003 Ourense	Tel: 988386687 / 98386571 Fax: 988386482
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL SANTIAGO DE COMPOSTELA	Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños 15701 Santiago de Compostela	Tel: 881997443 / 981546799 Fax: 881997442



XUNTA DE GALICIA

a praga da
POLILLA GUATEMALTECA
da pataca:
Tecia solanivora

XUNTA DE GALICIA

POLILLA GUATEMALTECA DA PATACA

Tecia solanivora

Distribución

Orixinaria de Guatemala, onde se descubriu por primeira vez, foise estendendo por todo Centroamérica (Costa Rica, Panamá, Honduras, Nicaragua, O Salvador), e posteriormente a América do Sur, afectando ós países de Venezuela, Colombia e Ecuador.

A nivel Europeo, detectouse en Canarias no ano 1999, concretamente en Tenerife, e posteriormente en Gran Canaria e A Palma no 2002.

Durante o ano 2015 detectouse por primeira vez en Galicia, concretamente nos concellos de Ferrol, Narón e Neda.

Hospedantes

Desenvólvese exclusivamente sobre tubérculos de pataca (*Solanum tuberosum*).

Bioloxía e descrición

Ó igual que todas as polillas é de hábitos nocturnos. O ciclo comeza coa posta de ovos nos tubérculos ou próximos a eles, en número 200-500 ovos. O período de incubación pode durar entre 5-15 días en función da temperatura.

Despois da eclosión, a larva, de 1.5 mm e cor branco cremoso, penetra no tubérculo e desenvólvese no seu interior, sendo ésta a responsable dos danos, que se caracteriza pola perda de peso e calidade dos tubérculos. Ó final do período larval, que dura entre 15-29 días, a larva abandona o tubérculo cun tamaño de 16 mm e cor verdosa para posteriormente tornarse rosada (Figuras 1 e 2).

Unha vez fora do tubérculo deixa de alimentarse e forma un capullo de seda xunto con partículas de diferentes materiais, en cuio interior pupa. Esta fase pode realizala no solo, sacos, fendas no solo ou paredes. Tamén pode pupar no interior do tubérculo. A duración desta fase é duns 10-20 días.

Segundo estos datos a polilla pode completar o seu ciclo biolóxico entre 41-95 días (Fig. 3 e 4), en función da temperatura. Cabe destacar da súa bioloxía que:

- A temperaturas máis altas, maior número de xeneracións pero maior porcentaxe de mortalidade.
- A temperatura mínima de desenvolvemento é de 7-9°C
- Temperaturas por debaixo de 10°C e presenza de chuvas son un factor limitante para o desenvolvemento.

Duración dos estadios en función da temperatura (en días)			
Estado	Duración a 15°C	Duración a 20°C	Duración a 25°C
Ovo	15	7	5
Larva	29	17	15
Pupa	31	14	12
Adulto	20	18	10
Total	95	56	41

Zonas demarcadas

En base ás deteccións que se produciron durante o ano 2015 e as que poidan producirse en campañas posteriores, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará unha resolución na que se especificarán as Zonas Demarcadas nas cales deberán aplicarse as medidas de erradicación e control establecidas.

Medidas obrigatorias a adoptar polos agricultores nas zonas demarcadas:

- Colocación de trampas con feromona sexual para a captura masiva. Estas trampas colocaranse no solo a unha distancia mínima de 30 m, preferiblemente nos bordes do cultivo e en número de 8 por ha (Figura 5).
- Utilizar semente libre da praga, certificada e con garantía sanitaria.
- Se o ano anterior houbo danos provocados por esta praga, aplicar algún dos insecticidas granulados autorizados no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, esparciendo por todo o terreo e tapando lixeiramente.
- Durante o cultivo, realizar tratamentos con materias activas autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Estas materias activas poderán consultarse na páxina web do Ministerio na seguinte dirección: <http://www.magrama.gob.es/es/agricultura/temas/sanidad-vegetal/productos-fitosanitarios/registro/menu.asp>
- Retirar do terreo e destruír todos os tubérculos danados, así como os restos de colleita, co fin de romper o ciclo da praga durante o período de descanso.

Materias activas autorizadas para control de insectos do solo en pataca (setembro 2015)

Formulados
METAM POTASIO 40% (ANHIDRO) [SL] P/V
METAM POTASIO 50% (ANHIDRO) [SL] P/V
METAM POTASIO 66,7% (ANHIDRO) [SL] P/V
METAM SODIO 40% (ANHIDRO) [SL] P/V
METAM SODIO 40% (ANHIDRO) [SL] P/V (ESP.)
METAM SODIO 50% (ANHIDRO) [SL] P/V
OXAMILO 10% [GR] P/P
TEFLUTRIN 0,5% [GR] P/P
TEFLUTRIN 1,5% [GR] P/P
CLOPPIRIFOS 5% [GR] P/P

Materias activas autorizadas para control de polilla en pataca (setembro 2015)

Formulados
CLOTRANTRANILIPROLO 20% [SC] P/V
CLOPPIRIFOS 25% [CS] P/V
CLOPPIRIFOS 25% [WP] P/P
CLOPPIRIFOS 48% [EC] P/V
CLOPPIRIFOS 75% [WG] P/P
DELTAMETRIN 10% [EC] P/V
TEFLUTRIN 0,5% [GR] P/P
TEFLUTRIN 1,5% [GR] P/P
CLOPPIRIFOS 5% [GR] P/P

Materias activas autorizadas para a utilización en patacas en almacén

Formulados
CLOPROFAM 1% + PIRETRINAS 0,125% (EXTR. DE PELITRE) [DP] P/P
PIRETRINAS 0,2% (EXTRACTO DE PELITRE) [DP] P/P
PELITRE 0,8% (EXPR. EN PIRETRINAS) [DP] P/P

Medidas recomendadas a adoptar

polos agricultores nas zonas demarcadas:

- Preparar o terreo e desenterrar, 15 días antes da plantación, os tubérculos afectados de campañas anteriores, recollelos e eliminalos.
- Na sementeira enterrar a unha profundidade mínima de 15 cm, tapar ben a semente para colocar unha barreira de terra entre éstas e as larvas.
- Eliminar as plantas de colleitas anteriores que broten durante as primeiras etapas de cultivo.
- Aporcar por ambos lados e a unha altura mínima de 25-30 cm.
- Facer rotación de cultivos.

Medidas de control en almacén:

- Separar dentro do almacén os tubérculos de semente e os de consumo
- Colocar mallas tupidas, tipo malla anti insectos, sobre os tubérculos almacenados para evitar a entrada e saída da avelaíña.
- Desinfección do almacén, da maquinaria e das ferramentas de manipulación con produtos autorizados.
- Realizar unha selección dos tubérculos antes de ser almacenados, eliminando todos aqueles que presenten danos que poidan ser causados pola praga.
- Realizar un tratamento dos tubérculos en almacén con materias activas autorizadas no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

- Colocar trampas con feromona para a detección da praga. Os tubérculos non poderán comercializarse no caso de obterse capturas (Figura 6)
- Os sacos bacíos e outros embalaxes almacenaranse en compartimentos distintos e separados dos tubérculos.
- Non se poderán comercializar os tubérculos procedentes das zonas demarcadas.

Para destruír as patacas sospeitosas, pódese facer un burato no chan, botar a pataca e cubrila con cal viva. Tamén se pode conxelar o tubérculo afectado antes de desbotalo, dado que a conxelación elimina as distintas formas do insecto. Por último, pódense quentar as patacas (microondas, por exemplo), de xeito que o insecto morra, antes de enterrallo ou botalo no contedor correspondente.

Movemento de tubérculos

Queda prohibida a saída das zonas demarcadas dos tubérculos producidos nestas zonas.



Fig.1
Larva no final do período larval, no que abandona o tubérculo.